



EXCMO. CONCELLO
DE
B A I O N A
(PONTEVEDRA)

**ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO
PLENO DO CONCELLO
O DIA 19 DE FEBREIRO DE 2009**

ALCALDE: D. Jesús Vazquez Almuiña

CONCELLEIROS: D. Angel Manuel Rodal Almuiña
Dña.Rosa Ana Marcote Guillén
Dña. Maria de los Angeles Silva Gonzalez
Dña.Maria Iglesias Fernández
Dña.Ana Simons Sánchez
D.Jose Rodríguez Trigo
Dña.Maria Jesús Martíns Passos

D. Manuel R. Vilar Marquez

D. Rafael Lores Rosal
D.Manuel Rafael Estévez González
Dña.Laura Miguez Pérez
Dna.Emilia Giráldez Ramirez
Dña. Teresa Perez Vieira

D. Xose Enrique Fernández Fernández
Dña Ana Maria Rodríguez Fernández

Non asistíu: D. Manuel A. Gonzalez Marcote

SECRETARIA: Dña.Susana Gallardo Fariña

INTERVENTORA: Dña.Rosa del Riego Santos

Na Casa Consistorial de Baiona, a dezanove de febreiro de dous mil nove, reúnen os señores ditos enriba, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria do Pleno do Concello en primeira convocatoria.

Sendo as nove horas, o Sr.Alcalde-Presidente declara aberta a sesión, pasándose ó tratamento dos asuntos contidos na Orde do Día.

1.-APROBACION, SE PROCEDE, DA ADXUDICACION PROVISIONAL DO CONTRATO DA CONCESION ADMINISTRATIVA DE XESTION DO SERVIZO PUBLICO CON EXECUCION DE OBRAS DE REFORMA E CONSERVACION E POSTERIOR XESTION DO APARCADOIRO SOTERRADO DA PALMA.

O Sr.Alcalde cede a palabra á **SRA.INTERVENTORA.**



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

A Interventora da conta da proposta da Alcaldía:“Resultando que en data 3/10/2008 o pleno da Corporación adoptou o seguinte acordo *“Primeiro.- O Concello de Baiona asume como propia a competencia do servizo público de aparcadoiro soterrado da Palma en bases as competencias que o artigo 25.1 LRBRL en relación con 25.2.b) recoñece ós municipios en materia de ordenación do tráfico.*

Segundo.- Aproba-lo expediente de contratación de concesión administrativa de xestión de servizos públicos con execución de obras de reforma e conservación e posterior xestión de aparcadoiro soterrado da Palma cun prazo de duración de cincuenta anos con procedemento aberto a oferta economicamente máis vantaxosa con varios criterios de adxudicación.

Terceiro.- Aproba-los pregos de cláusulas administrativas particulares, anteproxecto de explotación e prego de prescricións técnicas que rexerán o contrato.

Cuarto.- Abri-la fase de licitación do contrato mediante a inserción do anuncio no DOUE, BOE, DOG e perfil do contratante para que no prazo que se sinala no anuncio de licitación os licitadores poidan presentar as súas propostas.”

Resultando que o anuncio do contrato de “Xestión de Servizo Público con Execución de Obras de Conservación e Reforma e Posterior Xestión do Aparcadoiro soterrado da Palma”, foi publicado no DOCE, DOG nº 202 de 17/10/2008 e BOE nº 254 de data 21/10/2008, e corrección erros publicado no DOG nº 222 de 14/11/08 e BOE nº 279 de data 19/11/08. Resultando que no período de licitación se presentaron a seguintes empresas CONYCASE S.L, ESTACIONAMIENTOS Y SERVICIOS S.A, PUENTES CONCESIONES S.L.

Resultando que en data 12/12/2008 a mesa de contratación constituída para apertura da documentación xeral dos licitadores acordou o seguinte:

Primeiro.-Declarar suficiente para acceder á fase de apertura das proposicións económicas, a documentación presentada por las empresas: ESTACIONAMIENTOS Y SERVICIOS S.A, PUENTES CONCESIONES S.L.

Segundo.- Requerir á empresa CONYCASE S.L a subsanación da documentación sinalada, no prazo de tres días hábiles.”

Resultando que en data 19/12/2008 a mesa de contratación procedeu a apertura das oferta e dáse conta da exclusión da proposta presentada por CONYCASE, S L xa que logo do requirimento de subsanación de documentación xeral a entidade mercantil non achegou a seguinte documentación:

- Respecto a solvencia financeira achega informe de auditoria de cuentas do ano 2006 e 2005 pero respecto o ano 2007 presenta a mesma documentación que a sinalada na acta da mesa de contratación de data 12 de decembro máis unha declaración do Sr. Manuel Núñez Arias na que informa que “las cuentas del año 2007 no han sido aprobadas todavía por el Consejo de Empresa y están siendo auditadas en estos momentos a solicitud de los socios minoritarios” polo que non cumpre o establecido no artigo 12.3 segundo parágrafo do prego de cláusulas administrativas.



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

- Respecto a relación de principais servizos públicos ou traballos de análoga natureza a mercantil representada por Sr. Manuel Núñez Arias no mesmo escrito de declaración da cifra de negocios declara o seguinte “CONYCASE SL, ha remodelado 3 aparcamentos, en la ciudad de Vigo (Pontevedra) y que lleva gestionando los mismos, en calidad de concesión, desde el año 2004”. E por isto polo que CONYCASE, SL non cumpre o requisito de solvencia técnica posto que ésta debe ser acreditada na forma establecida no artigo 12.4 do prego de cláusulas (Os servizos ou traballos realizados acreditaranse mediante certificados de boa execución expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario fose unha entidade do sector público.)
- CONYCASE, SL non presenta unha descrición do equipo técnico que xestionará o servizo público obxecto do contrato de conformidade co artigo 12.3 do prego de cláusulas administrativas.”

Resultando que logo da emisión dos informes técnicos de urbanismo, intervención e secretaria a mesa de contratación reuniuse en data 16/02/2009 e formulou proposta de adxudicación en favor de ESTACIONAMIENTOS Y SERVICIOS S.A,

E por isto que propoño o pleno da corporación, como órgano de contratación, o seguinte:

“Primeiro.- Excluir do procedemento de contratación da concesión administrativa de xestión de servizos públicos con execución de obras de reforma e conservación e posterior xestión de aparcadoiro soterrado da Palma, a entidade mercantil CONYCASE, SL, ó non subsanar a documentación requirida.

Segundo.- Adxudicar provisionalmente o contrato de concesión administrativa de xestión de servizos públicos con execución de obras de reforma e conservación e posterior xestión de aparcadoiro soterrado da Palma a entidade mercantil ESTACIONAMIENTOS Y SERVICIOS S.A.

Terceiro.- Requerir a ESTACIONAMIENTOS Y SERVICIOS S.A acreditar ante o órgano de contratación nun prazo máximo de 15 días hábiles a seguinte documentación:

Obrigas tributarias:

a) Orixinal ou copia compulsada de alta no Imposto sobre Actividades Económicas no epígrafe correspondente ó obxecto do contrato, sempre que exerza actividades suxeitas a dito imposto, en relación coas que veña realizando á data de presentación da súa proposición, referida ó exercicio corrente, ou o último recibo, completado cunha declaración responsable de non atoparse dado de baixa na matrícula do citado imposto.

b) Certificación positiva expedida pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, na que se conteña xenericamente o cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 13 RXLCSP.

Ademais, o empresario como adxudicatario provisional no deberá ter débedas no período executivo de pago co Concello de Baiona, salvo que as mesmas estivesen debidamente garantidas. O certificado que acredite a inexistencia de débedas aportarase de oficio pola Administración Local.

Obrigas coa Seguridade Social:



EXCMO. CONCELO

DE

B A I O N A

(PONTEVEDRA)

Certificación positiva expedida pola Tesourería da Seguridade Social, na que se conteña xenericamente o cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 14 RXLCSP.

Constitución das garantías definitivas esixidas, polo importe de **100.000 €** en canto á concesión administrativa do servizo público, e polo importe de **47.848,41 €** en canto á execución das obras de reforma e conservación, por calquera das formas previstas no artigo 84 da LCSP

Cuarto.- Notificar ós interesados e o perfil do contratante.”

A SRA. INTERVENTORA continua diciendo que de acordo con la Propuesta que se eleva al Pleno y habiéndose presentado a este concurso las empresas CONYCASE S.L, ESTACIONAMIENTOS Y SERVICIOS S.A, PUENTES CONCESIONES S.L., y una vez valoradas las ofertas, resulta más ventajosa la de EYSA sobre todo en lo que respecta al plan de saneamiento financiero porque oferta una mayor garantía en cuanto al compromiso financiero para llevar a cabo la gestión del servicio. También oferta en cuanto a las obras un mayor incremento de unidades de obra que se ajusta más a la normativa vigente, y en cuanto al cánon anticipado las dos ofertan el mismo importe, 2.100.000 euros, y en cuanto al cánon rotacional EYSA oferta un poco más, 12 euros/plaza. Como consecuencia de la propuesta y reunida la mesa de contratación, se eleva al Pleno la Propuesta de adjudicación provisional que será notificada a la empresa para que presente la garantía definitiva y proceder a la formalización del contrato.

SR.RODAL, PP.- Se eleva al Pleno la aprobación de la adjudicación provisional del servicio público con ejecución de obras de reforma y conservación del aparcamiento subterráneo de La Palma, así como su posterior gestión a favor de la entidad ESTACIONAMIENTOS Y SERVICIOS S.A, con un total de 74 puntos frente a los 71 de PUENTES CONCESIONES S.L.; tras la aprobación positiva de todos los miembros de la Mesa de Contratación representada por todas las agrupaciones políticas de la Corporación Municipal, después de valorar los informes técnicos y jurídicos.

Con esta nueva concesión se solventará la deuda con la empresa ING en un proceso de 4 años, a la vez que se realizarán múltiples mejoras en el aparcamiento como son la incorporación del 3º núcleo de escaleras, distribución de plazas de aparcamiento mejoradas, la reparación de las juntas de dilatación, humedades y filtraciones en ambos sótanos, nueva señal óptica en suelo y paredes, así como el programa de mantenimiento del inmueble, alcanzando ésta y otras mejoras un total de 800.000 euros.

Desde un principio este equipo de gobierno apostó por el rescate del aparcamiento subterráneo de la Palma, y hasta el día de hoy, la Justicia, en todos los pasos a seguir, siempre nos ha dado la razón.

Agradecer nuevamente la labor y el trabajo desarrollado para este rescate del aparcamiento público por el equipo de Urbanismo, y en especial tanto a Intervención como a Secretaría.

SR.ESTEVEZ, PSOE.- O grupo municipal socialista respeta o proceso dende un punto de vista técnico, non temos nada que obxetar en canto ó procedemento; non obstante politicamente o partido socialista remítese ó Pleno do 3 de outubro de 2009, non están dacordo cos tempos en que se realizaron as actuacións administrativas, incluso neste tempo reforzouse a súa postura.



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

SR.FERNANDEZ, BNG.- Nós tampouco vamos a obxetar nada ó procedemento porque de feito na Comisión Informativa que tivemos apoiámos os informes feitos polos funcionarios e creemos que foi correcto o seu desenvolvemento. En todo caso, respecto á parte política, sí vamos a ser coherentes coa actuación que levamos feita ata o día de hoxe e nos vamos a abster na votación, Sr.Alcalde; non teño nada máis que dicir.

SR.VILAR, CMÑ.- Para mín, como portavoz de CMÑ, e por levar xa tempo con este tema, hoxe é un día de gran satisfacción persoal porque defende a teoría que sempre tiveron clara neste Pleno: que unha vez que a empresa concesionaria no seu día, GGP 1, deu en quiebra, o Concello tiña dereito ó rescate do aparcadoiro da Palma sen dereito a indemnización algunha; se nos dá a razón daquél acordo plenario que tomamos no seu día; pasou moito tempo, por un lado é algo lóxico porque estamos nun Estado de Dereito, había moitas partes implicadas e todas defenderon os seus intereses, e todos sabemos que o proceso xudicial nestes temas é longo, e sobre todo os expertos en Dereito saben que isto é así, pero o realmente importante é que hoxe rescatamos sen dereito a indemnización algunha, aínda que lóxicamente hai unha parte que é o custo da obra que iso sí hai que abonálo, hai que afrontálo, e de feito para iso se adxudica, para ser unha das responsabilidades que vai ter esa empresa.

En canto ó pesimismo que moitas veces primou nesta Cámara, máis que pesimismo había ao mellor razoables dúbidas de que non houbera ningunha empresa que se poidera presentar, para nós hoxe é unha gran satisfacción que unha empresa cunha clara traxectoria teña a adxudicación deste aparcadoiro, incluso quedando en segundo lugar outra empresa tamén cun aval importante.

Todo isto ven a pór as cousas no seu sitio despois dun logo período e, con todos os respetos para as decisións xudiciais, entendemos que a Sindicatura que estivo administrando durante estes anos o aparcadoiro non estivo á altura das circunstancias do que representaba un ben público de propiedade municipal, creiron que era un pouco da súa propiedade. Penso que a decisión que tomou este goberno foi a correcta; eu sempre tiveron claro que había que ir ó rescate e á nova adxudicación, e tamén os equipos técnicos do Concello fixeron unha gran labor, especialmente a Secretaría, Intervención, e por suposto os servizos de Urbanismo, sempre baixo a directriz política clara do goberno municipal.

A partir de agora se van a subsanar unha serie de deficiencias que ten o aparcadoiro da Palma, moitas delas alleas ó propio aparcadoiro xa que alí hai unha serie de filtracións produto de ferias que se fixeron na parte de arriba, que perforaron, e vaise a mellorar sobre todo en calidade adaptándose ós tempos actuais. Con este rescate Baiona vai dispór de dous aparcadoiros estratéxicos, que poden ser moi importantes para o futuro, e de feito xa o son, para o desenrolo do noso pobo.

Podemos dicir que este é un Pleno histórico por esta decisión que seguíu un proxecto técnico e porque ningún responsable político puxo en dúbida a transparencia desta concesión; despois de pasar polas Comisións Informativas absolutamente todos os portavoces estamos dacordo con este procedemento técnico; respetamos o traballo que fixeron a Interventora e a Secretaria, tamén o traballo do equipo técnico de Urbanismo, arquitecto, aparellador; se adxudica, neste caso, á mellor oferta, e entendemos que éste foi o procedemento correcto.

Estamos totalmente a favor deste punto, creo que hoxe culmina un proceso importantísimo e esperamos que o servizo que vai a dar o aparcadoiro da Palma a partir de agora sexa mellor e de máis calidade, para que disfruten dél todos os veciños de Baiona, todos os baioneses, coas mellores garantías.



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

SR.ESTEVEZ, PSOE.- Falaba o señor Vilar de que a oposición tiña razoables dudas sobre o procedemento dende un punto de visto político; nós, naquel Pleno do 3 de outubro, falabamos de que realmente nos chocaba (e non vou a repetir os tecnicismos porque con leer a acta xa é suficiente), pero falabamos de porque ING, por exemplo, non facía a súa execución hipotecaria; ou falamos de incidentes de execucións de sentenzas, ou falabamos de que era arriscado tomar unha decisión xurídica sobre un tema tan complexo; e tamén nos chocaba moito o convenio de ING, e incluso se felicitaban vostedes da predisposición de ING para dar os prazos, para conveniar, e agradecían pagar en 4 anos a partires de maio do 2009; e nós o que pedíamos naquel Pleno, dixemos que o PSOE apoia totalmente o rescate da Palma, era absolutamente necesario facer o rescate, pero criticabamos os tempos, criticabamos a precipitación e dixemos que podía ser unha temeridade; recordo que o Alcalde me contestou que a seguridade non se dá nin nunha semana nin en meses, e que ING era unha entidade financeira forte e que non ía a pasar nada; isto foi o 3 de outubro, e fíxese, o 17 de outubro, 15 días despois, ING se desploma na bolsa un 27%; ese mes, un 52%, e no ano un 69%, e perdeu 720 millóns de euros no ano 2008; quizás tendo esta información e tendo un pouquiño máis de paciencia o convenio de ING podía ser todavía máis beneficioso para o Concello de Baiona. Do mesmo xeito pedíamos máis prudencia, máis paciencia, neste procedemento, porque as situacións xurídicas aínda abertas nos poden dar maior base, maior argumento, para tomar mellor as decisións deste procedemento; son os nosos argumentos, e moitos deles reforzados dende outubro ata agora; aínda así seguemos sen ter ningún tipo de crítica ó procedemento, técnicamente, pero sí que os argumentos que alí plantexamos creemos que seguen sendo nitidamente correctos. Nada máis, grazas.

SR.ALCALDE.- Sr.Estévez, eu creía no Presidente do Goberno Español, estabamos na Champiõns Ligue, por iso lóxicamente, pensei ING é o segundo banco máis importante de Holanda que por certo ten o apoio do Goberno de Holanda e ten toda a seguridade, por iso non haberá problema.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Como decía ó principio, sí apoiamos na Informativa o procedemento de adxudicación pero iso non quere decir que estemos dacordo co que habíamos discutido o 3 de outubro, nin moito menos; non creemos que a aplicación que se vai a facer desta nova concesión sobre a superficie da palma sexa a máis adecuada, podería ser moito máis ambiciosa; tampouco estamos dacordo co tratamento que se deu nos Pregos respecto a esas plazas que quedan ahí no aire e non sabemos o que vai a pasar ó final con elas, igual o Concello ten que asumir responsabilidais que nunca debeu de asumir; e por outro lado moito menos estaremos dacordo co tratamento que deu a Sindicatura, foron tempos oscuros e de pouco transparencia, e foi un auténtico pelotazo para esta Sindicatura. Seguindo fieles á postura que adoptamos dende o principio con respecto á Palma, entendemos que o PP foi quen nos meteu neste lío e quen debe de sacarnos, é a súa responsabilidade e agora mesmo está gobernando; nós vamos a abstermos.

SR.VILAR, CMÑ.- Me congratula ver que no día de hoxe con relación á Palma son moitas máis as cousas que nos unen a todos os portavoces da Corporación, que as que nos separan; polo tanto, benvido sexa este acordo.

SR.ALCALDE.- E algo moi importante o paso que damos hoxe, e claro que hai unha dirección política, é fundamental, esa dirección é querer tirar para adiante e regularizar unha situación; ás



EXCMO. CONCELLO

DE

B A I O N A

(PONTEVEDRA)

vezes olvidamos que os parkings non son dunha empresa, non, os parkings son municipais, son servizos municipais; lóxicamente por todo o conflito que houbo a Palma neste momento daba un servizo de calidade baixo, e ahí está a dirección política que consistiu en iso: en tirar para adiante, en non deixar perder algo que estaba ahí (que podía ser máis cómodo non tocálo), grazas ó gran servizo técnico de Secretaría e Intervención; eu digo que temos dende logo senón o mellor, dos mellores Concellos da provincia de Pontevedra, e grazas a valentía délas se seguiu un procedemento que como dícen os portavoces técnicamente está avalado, e se os erros son dos políticos pois os asumiremos. Creo que está clarísimo que isto é un problema serio que tiña o Concello de Baiona, era unha bola que ia a seguir crescendo e senón se resolvía pois podía dar grandes complicacións. A día de hoxe hai 4 ou 5 reclamacións no Xulgado, quero dicir que se falaba de moitísima xente e non é así, porque non había base para esas reclamacións, e dende logo estou moi contento de que todos os grupos políticos defendan esta restitución ó patrimonio municipal, coas diferencias lóxicas que se queiran pór na mesa; pero na Mesa de Contratación quedou moi claro e foi aprobado por unanimidade. Por tanto, dar as grazas á Secretaría, á Intervención, ó equipo de Urbanismo, e a todos os grupos polo traballo realizado.

Polo Sr. Alcalde se procede á votación do presente punto, resultando: votos a favor, 9 (8,PP, 1,CMÑ), fronte a 5 en contra, PSOE; producíndose 2 abstencións, BNG.

Polo cal o Pleno, por maioría, ACORDA:

“Primeiro.- Excluir do procedemento de contratación da concesión administrativa de xestión de servizos públicos con execución de obras de reforma e conservación e posterior xestión de aparcadoiro soterrado da Palma, a entidade mercantil CONYCASE, SL, ó non subsanar a documentación requirida.

Segundo.- Adxudicar provisionalmente o contrato de concesión administrativa de xestión de servizos públicos con execución de obras de reforma e conservación e posterior xestión de aparcadoiro soterrado da Palma a entidade mercantil ESTACIONAMIENTOS Y SERVICIOS S.A.

Terceiro.- Requerir a ESTACIONAMIENTOS Y SERVICIOS S.A acreditar ante o órgano de contratación nun prazo máximo de 15 días hábiles a seguinte documentación:

Obrigas tributarias:

- a) Orixinal ou copia compulsada de alta no Imposto sobre Actividades Económicas no epígrafe correspondente ó obxecto do contrato, sempre que exerza actividades suxeitas a dito imposto, en relación coas que veña realizando á data de presentación da súa proposición, referida ó exercicio corrente, ou o último recibo, completado cunha declaración responsable de non atoparse dado de baixa na matrícula do citado imposto.
- b) Certificación positiva expedida pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, na que se conteña xenericamente o cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 13 RXLCSP.

Ademais, o empresario como adxudicatario provisional no deberá ter débedas no período executivo de pago co Concello de Baiona, salvo que as mesmas estivesen



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

debidamente garantidas. O certificado que acredite a inexistencia de débedas aportárase de oficio pola Administración Local.

Obrigas coa Seguridade Social:

Certificación positiva expedida pola Tesourería da Seguridade Social, na que se conteña xenericamente o cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 14 RXLCSP.

Constitución das garantías definitivas esixidas, polo importe de 100.000 € en canto á concesión administrativa do servizo público, e polo importe de 47.848,41 € en canto á execución das obras de reforma e conservación, por calquera das formas previstas no artigo 84 da LCSP

Cuarto.- Notificar ós interesados e o perfil do contratante.”

2.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA APROBACIÓN DO PROXECTO DE PAVIMENTACIÓN, REPOSICIÓN E SUPRESIÓN DE BARRERAS ARQUITECTÓNICAS NA RÚA ELDUAYEN FINANCIADOS CON CARGO Ó FONDO ESTATAL DE INVERSIÓN LOCAL.

O Sr.Alcalde cede a palabra á Sra.Secretaría.

SRA.SECRETARIA.- Resumiendo, en el Pleno anterior llevamos a aprobación todos los proyectos que se habían solicitado con cargo al Fondo Estatal de Cooperación, excepto la reposición, pavimentación y eliminación de barreras arquitectónicas de Elduayen, que se había solicitado con retraso respecto a los anteriores y que justo el día siguiente al Pleno lo autorizaron; se trata ahora de cumplir un requisito formal; como había explicado, la Junta de Gobierno había hecho una aprobación a modo de solicitud con cargo al Fondo Estatal de Cooperación y ahora lo elevamos al Pleno por no estar contemplado en el Presupuesto. Hay que añadir en la parte dispositiva del acuerdo un cuadro que es la partida presupuestaria, igual que se había hecho con los otros, que sería: Proyecto 01 del Plan de Inversiones, Partida 43260105.

SR.RODAL, PP.- Como ha descrito la Secretaría hace escaso tiempo, el 5 de febrero, fué cuando llevamos este Fondo Estatal de inversión municipal, dos proyectos al Pleno, y comentamos que en ese momento no llevabamos el de reposición, pavimentación y eliminación de barreras arquitectónicas de Elduayen, con previsión para ocupar a 8 personas, con una inversión de 601.000 euros, contando con que sea un trabajo con duración de 9 meses, y como decía ella no se llevó porque no había llegado la autorización de la Secretaría de Estado de Cooperación Local que llegó al día siguiente, el 6 de febrero. Elevamos ahora al Pleno, igual que lo hicimos con los proyectos anteriormente en el Pleno Ordinario, la aprobación de este proyecto.

SR.ESTEVEZ, PSOE.- O noso apoio a esta proposta; temos información de que vostedes coñecen a inxerencia dos empresarios da rúa Elduayen porque obviamente unha obra pública sempre ten algún tipo de consecuencias negativas e na situación económica na que estamos unha obra de 9 meses pois pode ser realmente duro para unha zona tan sensible como é



EXCMO. CONCELLO

DE

B A I O N A

(PONTEVEDRA)

Elduayen na época estival, polo cal maior posibilidade de control e de paralización das obras nesa época. Por suposto o noso apoio neste punto.

SR.ALCALDE.- Tivemos xa unha reunión cos comerciantes da rúa Elduayen, e nós cando adxudiquemos a obra pediremoslle á empresa o que é un programa de actuacións, e hai unha prioridade absoluta que é que o 31 de decembro ten que estar rematada a obra; a segunda prioridade é que en xullo e agosto non se traballe, aparte de que neses meses traten de facer accesibles, dentro das posibilidadeis, a todos os locais da rúa.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Xa temos manifestado que as obras que vostedes inclúen no Fondo Estatal son todas necesarias; non obstante creemos que non é unha maneira adecuada de facer o reparto que fixeron e polo tanto nós tamén nos vamos a abster neste punto.

SR.VILAR, CMÑ.- Sempre me toca intervir de último e facer un pouquiño de historia do punto; a verdade é que vamos a afrontar unha obra dunha rúa que xa leva moito tempo no estado actual debido ás dificultades que ten polo paso da carretera e as vibracións que fan que teña fundamentos. Fai 21 anos exactamente, xa que foi no ano 88 cando se pavimentou e se restituíu o formigón que había, unha serie de azulexos de formigón que había naquela época na rúa Elduayen, e daquela se invirtira ahí o Plan Operativo Local; non eran cartos das parroquias, como dí aquí o portavoz Xose Enrique, senón que o POL se adicou a iso; foi a primeira obra que se fixo en pedra en Baiona, non existía todavía a pedra elaborada nas fábricas e tivemos que ir polas parroquias e facer auténticos números para recuperar esa pedra que a fixera un canteiro artesán de Valadares, e a verdade é que foi unha obra que xa cumpríu a súa función. Á rúa de Elduayen daquela se lle dotou de alumeados, de farolas, foi unha mellora importante, e ó longo destes anos (como sempre foi) a rúa Elduayen é un lugar emblemático de Baiona, e no momento que se puxo a pedra foi un cambio sustancial; a partir de ahí se continuou con outras rúas, no casco vello, a rúa Alférez Barreiro, Ramón y Cajal, todas elas xa cunhas técnicas de construción moito mellores.

Creemos que agora este é o momento, unha vez que casi xa temos todo o casco vello pavimentado, de afrontar esta obra, e sobre todo resolver os problemas que moitas veces nos causa a COPTOPV.

Este é un tema no que vimos traballando dende fai moito tempo, temos tido entrevistas e reunións coa COPTOPV para que subsane e colabore neste tema, e tivo que vir este plan do goberno para nós ter a posibilidade de ter isto feito. Tivemos unha gran ventaxa: que tiñamos o proxecto feito, que por certo. xa ten o visto bó da Comisión de Patrimonio incluso.

O ter o proxecto feito, os deberes feitos, nos posibilita que o goberno poida afrontar esta obra que esperemos sexa unha gran mellora; e como ben decía o Alcalde antes, tivemos xa reunións cos empresarios e comerciantes da zona, e estamos por colaborar, por facer un calendario que non perxudique á actividade comercial e empresarial que ten lugar sobre todo nos meses de verán. Esperemos que o plan de traballo satisfaga a todo o mundo e poidamos levar a cabo esta obra dentro dos prazos e sen maiores problemas. Ese é o noso obxectivo.

E unha obra importante e esperamos contar coa maioría dos apoios desta Cámara. Moitas grazas.

SR.RODAL, PP.- Primeramente agradecer el apoyo del Partido Socialista, y también decirles que como miembro del equipo de gobierno y como concejal de Turismo pues tenemos una especial sensibilidad en todos estos trabajos, y que, en estos tiempos de crisis, tenemos que



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

intentar que no nos puedan afectar estos trabajos interrumpiendo lo que es la actividad hostelera, de restauración y comercio.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Faime moita gracia o que dí o Sr.Vilar de que sempre actua de último e que quer facer a sua mensaxe, e a verdade é que despois de 20 anos que a rúa Elduayen se tope nesas circunstancias é bastante penoso, dá unha idea do mal que se traballou cando vostede era Alcalde, e vibracións as hai en toda a calle, imaxino que as haberá en todas as rúas. Decirlle tamén que efectivamente foi co Plan Operativo Local, e o POL non dí explicitamente que cos seus fondos se deban realizar as obras nas parroquias, como tampouco o di o Fondo Estatal de inversión; pero é que dá a casualidade de que na inmensamaioría dos Concellos galegos pois os gobernos de distintos cores políticos, adicaronse a facer as inversións onde era máis preceptivo e onde o consideraban máis importantes, que era no saneamento integral dos seus pobos, e neste Concello todas as partidas dos Plans, PAM, PAC, e calquer plan que houbera da Deputación ou da Xunta, en vez de adicálos ao que debía de adicarse, que era o saneamento e as traídas de auga, pois se adicaban a facer a parte máis vistosa e máis bonita do pobo para lucimento dos gobernos locais e para seguir acarreado votos e perpetuarse no poder; estiveron vostedes 16 anos na Xunta de Galiza gobernando e non hai excusa para dicir que non tiñan gobernos amigos, como lle chaman vostedes, para facer inversións no pobo; polo tanto, non hai excusa ningunha, e isto é unha vez máis a clara política do PP que temos en Baiona de seguir facendo as inversións do Estado, da Xunta, e de calquer Administración, no casco de Baiona, como veñen facendo durante toda a sua vida.

SR.VILAR, CMÑ.- A verdade é que o Sr.Fernández é un neófito político porque ten unha mala memoria, porque dicir que daquela se traballaba mal é unha falta de respecto ós artesáns galegos que facían (cos medios que había) a sua labor do mellor xeito posible. Non se dá conta vostede de que grazas a labor que fixemos ó longo destes anos, onde vostede vivía na Avenida Urbana de Sabarís, que non tiña nin luz, nin saneamento, nin nada, lle tivemos que levar alí a auga, o saneamento, a luz, etc., e a beirarúa non a fixemos porque se había feito por un proceso de contribucións especiais, que por certo, se puxo un tubo pero non había saneamento nin había nada.

Non se olvide das obras que se fixeron de saneamento, entre outras na rúa Elduayen, á que se lle dotou de todos os servizos. Vostede é un gran experto en materia de alumeadado público porque leva moitos anos traballando en FENOSA e sabe todo o que se fixo en Baiona, non había ningunha luz amarela, todas eran brancas, cando as había; e agora vostede poder ver que Baiona é un resplandor de luces amarelas grazas á nosa labor. Ó Sr.Fernández hai que refrescarlle de vez en cando a memoria; él llo sabe, o que pasa é que hai que grabar os Plenos, hai que pórlos logo en Internet, él ten que defender moitas cousas, pero bueno, nós vamos a seguir co noso plan de traballo, incluso renovando, que xa se fixo, para mellorar; esa é a política de auténtico servizó ós veciños de Baiona e vamos a seguir mantendo esa vocación porque para iso estamos aquí: para servir ós veciños.

SR.ALCALDE.- Se facía un resume histórico, sentimental; eu son máis de números e teño que dicir que o Sr.Fernández é un provocador e sempre minte. Dende fai 4 anos e medio todos os plans provinciais, todos os cartos que nos dan as Consellerías, todos: Medio Ambiente, Medio Rural, todos foron para inversións en saneamento; de feito (e non lle quero falar da Granxa porque xa o coñece) o outro día lle dín unha relación de todo: máis de 3 millóns de euros en



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

saneamentos; e é certo, nestes fondos estatais soamente gastamos 400.000 euros en saneamento, porque xa non hai; recorrimos todos os puntos do Concello de Baiona para incluír, e non hai, vai quedar Baiona saneada de forma integral con esta última inversión.

Decirlle tamén que o outro día cando leín todas as inversións que se fixeron nas parroquias creo que soamente en saneamento eran máis de 3 millóns, pero é que estamos falando de parques infantís, de carreteras provinciais con beirarrúas, de miles de inversións que nós volcamos nas parroquias. Vostede siga falando do mesmo, é un pouco a demagogia de sempre dicir que se invirte na rúa Elduayen; na rúa Elduayen hai que invertir ¿cómo que non?, claro que sí, é a calle principal en número de persoas visitada, posiblemente das máis visitadas de España, e lóxicamente hai que invertir e sobre todo cando hai un problema estrutural e outras Administracións non se queren mollar; o Concello sí ten que mollarse.

As Parroquias nunca estiveron tan coidadas como neste tempo e evidentemente non vou a defender gobernos anteriores, pero hoxe Baiona, no 2009, quedará con saneamento integral; isto significa que se fixeron cousas durante os anos anteriores e dende logo nos últimos 4 anos se fixeron moitísimas, e máis que se van a facer porque vamos a ter máis fondos de inversión para Baiona, hai un fondo da Deputación de Pontevedra importantísimo que vai a saír, e vamos a completar e mellorar todos os servizos das parroquias, e tamén do centro de Baiona, como ten que ser, porque nós non decimos que somos de aquí ou somos de alá, non; somos de Baiona e vamos a defender a Baiona fronte ao que faga falta.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Sr.Vilar, non se adxudique vostede as luces amarelas que as montou Chicho, o Sr.Chicho en todas as parroquias; as pontes romanas de Sabarís, de Ramallosa, que fixeron os artesáns, aínda a día de hoxe están como o primer día.

SR.ALCALDE.- Románicas, como moito, románicas, medievais; pero romanos non queda nin o apuntador. Ademáis decirlle que os romanos non construían eles, construían os da terra pero dirixidos por eles.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Sr.Alcalde, vostede renega do pasado porque non acredita nin lle dá crédito ningún ao goberno do PP que estivo traballando durante tantos anos neste Concello, cando vostede non tiña nin idea de que ía a aparecer na vida política; e do saneamento integral vostede dirá o que queira pero neste Concello segue habendo moitas vivendas sen saneamento, entre outras hai moitas delas que sí teñen o tubo por diante pero non o poden usar porque vostedes non son capaces de dar de alta os bombeos que fixeron. Nada máis, moitas grazas.

SR.ALCALDE.- Eu non renego do pasado porque Baiona si algo ten importante é a historia, entón non podemos renegar nada da historia de Baiona posto que é o que nos dá entidade, unha entidade especial.

Polo Sr.Alcalde se procede á votación do presente punto, resultando: votos a favor, 14 (8,PP, 1,CMÑ, 5,PSOE); producíndose 2 abstencións, BNG.

Polo cal o Pleno, por maioría, acorda:



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

Primeiro.- Aprobalo proxectos que a continuación se relacionan con cargo á partida presupostaria e proxecto do Plan de Inversións que se detalla:

DENOMINACIÓN DE LA OBRA	PREVISIÓN DE PERSONAS A OCUPAR	PRESUPUESTO	IVA	PRESUPUESTO DE CONTRATA
PAVIMENTACIÓN, REPOSICIÓN DE SERVICIOS Y SUPRESIÓN DE BARRERAS ARQUITECTÓNICAS EN LA CALLE ELDUAYEN	8 personas	518.204,84euros	82.912,77 euros	601.117,61euros

Segundo.- Incorporar o presente acordo ós expedientes de contratación, que actualmente están en fase de tramitación.

E non habendo máis asuntos a tratar, polo Sr.Alcalde-Presidente levantouse a sesión, sendo as dez horas e trinta minutos do mesmo día, de todo-lo cal, como Secretaria, CERTIFICO.